

CHARLES BUKOWSKI

# Servizo de Correos

Traducido por Alejandro Tobar



Hugin e Munin

## 1.

Comezou por unha equivocación.

Estabamos no Nadal cando souben polo borracho que vivía ao fondo da rúa –quen cada ano puña en práctica a mesma artimaña– que contrataban a calquera pobre desgraciado que se presentase, de maneira que fun e decontado me vin cunha saca de coiro botada ao lombo e dando garbeos ao leilán, por onde me petase. «Vaia traballo!», pensei. De relax. Non che asignaban máis ca unha ou dúas zonas, e se as dabas feito, daquela o carteiro fixo dábatche outra zona para que foses repartir o correo, ou tamén cabía a posibilidade de volver á oficina, onde igualmente che asignaban outra zona, pero a cousa estaba en non apurar a xogada e ir deixando, con moito vagar, as tarxetas de Nadal nas caixas do correo.

Coido que foi ao segundo día de exercer de auxiliar de carteiro para a tempada de Nadal cando unha mullerona saíu e comezou a camiñar canda min namentres eu facía por repartir as cartas. Cando digo mullerona quero dicir que tiña un pandeiro e unhas tetas ben grandes, e que tiña grande todo o que tiña que ser grande. Algo tola é certo que parecía, pero eu centreime no seu corpo e non lle dei importancia ningunha a ese aspecto.

Falaba por si e por cen. Foi entón cando o soltou: o seu home traballaba nunha illa, lonxe de aquí, e sentíase

soa —é un xeito de falar— e vivía nunha casaña alí por tras, que tiña toda para ela.

—Cal é a casaña? —preguntei.

Escribume o enderezo nun papel.

—Tamén eu estou só —dixen—. Esta noite heime deixar caer por aí e falamos.

Eu algo tiña cunha tipa que andaba por aí perdida metade das veces, de modo que non dicía mentira ao afirmar que estaba só. Só e disposto para aquel pandeiro enorme que camiñaba canda min.

—Moi ben —dixo—, vémonos á noite.

Non estivo mal, a elementa para un ferrete ben valía, as cousas como son. Iso si, despois de tres ou catro noites o meu interese minguara e decidín non volver.

Con todo e iso, non deixaba de pensar: «Concho, estes carteiros non fan máis ca repartir unhas poucas cartas e darlle á fodincha. Este traballo vaime ao pelo, abofé que si!».

## 2.

Fixen o exame teórico e aprobeino, fixen as probas físicas e aprobeinas, e velaí estaba: de carteiro substituto. Os comezos resultaron doados. Enviáronme á estafeta de West Avon, e todo transcorreu igual ca a tempada de Nadal, quitando que, no que á ramisca se refire, non mollei o biscoito. Cada día acordaba coa esperanza de acabar con algunha, pero nada, saíame a pita choca. Non obstante, o choio moita complicación non tiña e a cousa non ía alén de repartir cartas na zona asignada. Nin tan sequera tiña que andar de uniforme, abondaba cunha pucha. Vestía coa miña roupa de todos os días. A miña rapaza Betty e mais eu bebiamos de tal maneira que apenas nos sobaban os cartos para andar mercando roupas novas.

